



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral para o Deporte

CIRCULAR 49/2010

- A todas as Delegacións (*)

- A todos os asambleístas

- A todos os membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada

(*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

CAMPIONATO GALEGO ABSOLUTO DE 5 KM. RUTA

27 de Xuño. Torre de Hércules. A Coruña

Art. 1) O vindeiro domingo día 27 de xuño celebrarase no entorno próximo ao Parque da Torre de Hércules na Coruña, e nun circuito urbano e homologado pola RFEA de 5 km a primeira edición do **Campionato Galego Absoluto en ruta de 5 km.** E das categorías **veterán, junior e promesa,** masculina e feminina. O evento está organizado pola Federación Galega de Atletismo en colaboración co Concello da Coruña.

Art.2) Poderán intervir todos aqueles atletas das citadas categorías, que se atopen en calqueira das seguintes condicións:

1. Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2009/10) por algún Club pertencente á Galicia.
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aínda que pertezan a Clubes doutras Comunidades Autónomas.
3. Atletas non galegos convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións.

Según acordo de Asemblea para optar a medalla os atletas estranxeiros deben cumprir as seguintes condicións:

- a. Ter ficha por un club galego a lo menos nas tres últimas tempadas (incluída a actual).
- b. Estar censados nalgún concello de Galicia.
- c. Ter licencia pola FGA.

Art.3) As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da FGA www.atletismogalego.org con data límite o mércores día **23 de xuño**, ata as 20,00 horas

Art.4) Os atletas, deberán confirmala súa participación ata 45 minutos antes do comezo da proba. Una vez rematado este prazo, non se admitirá a participación do atleta.

Art.5) Os tres primeiros atletas clasificados nas categorías veterán, junior e promesa recibirán unha medalla conmemorativa do campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir ao protocolo de premiacións. Entregarase tamén unha medallas conmemorativa aos tres primeiros clasificados na clasificación absoluta. Caso contrario, non se fará entrega da medalla.

Art.6) Os atletas deberán utilizalo dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible. Os dorsais serán entregados o domingo ata ás 10:00 horas na secretaría do evento.

Art.7) A saída terá lugar nas inmediacións da Torre de Hércules ás 11:00 horas, conxuntamente ca Carreira Popular.

**PATROCINADORES
OFICIAIS**



PROVEEDOR





Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> - 15008 - A CORUÑA



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral para o Deporte

Art.8) O circuito discurrirá polas seguintes rúas:

Realizaranse 1 volta ó seguinte percorrido:

SAIDA na Dársena da Torre (Estatua de Breogán). Cidade Deportiva Municipal da Torre. Casa dos Peixes (Casa do home). Matadoiro (Hotel Meliá María Pita). Avda. Pedro Barrié da Maza. Xiro de retorno circunvalando a rotonda da confluencia da Rúa Juan Canalejo con Rúa Alta. Avda. Pedro Barrié da Maza. Matadoiro (Hotel Meliá María Pita). Casa dos Peixes (Casa do home). Cidade Deportiva Municipal da Torre. Dársena da torre (Estatua de Breogan), META

Art.9) Todo o non disposto neste regulamento resolverase pola normativa da Federación Galega de Atletismo, o no seu caso, pola propia da Real Federación Española de Atletismo.

Plano do Circuito (provisional)



Na Coruña 3 de xuño do 2010

Asdo. Victor Arufe Giráldez

Secretario Xeral FGA

**PATROCINADORES
OFICIAIS**



PROVEEDOR

